

62 | VIVIRAQUÍ | CULTURA

Luis Rei, finalista dos premios da AELG

PONTEVEDRA. O escritor coruñés afincado en Pontevedra, Luis Rei, é un dos finalistas dos premios anuais da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). A súa novela 'Monte Louro' é unha das candidatas a obter o galardón en narrativa, como tamén o son 'O cabo do mundo', de Xabier Quiroga, e 'Unha historia que non vou contar', de Cid Cabido.

En literatura infantil son finalistas 'Ás de bolboretas', de Rosa Aneiros; 'O Brindo de Ouro II. A táboa da hospitalidade', de Xesús Manuel Marcos; e dous libros de Agustín Fernández Paz, 'Lúa do Senegal' e 'Valados'.

Optan ao recoñecemento na categoría de poesía 'Deter o día cunha flor', de Luz Pozo Garza, e 'O pouso do fume', de Dores Tem-

brás. En ensaio compiten os últimos traballos de Manuel Forcadella, Henrique Monteagudo, Xesús Alonso Montero e María Xesús Nogueira, mentres que en teatro o fan Rubén Ruibal, Manuel Lorenzo e Teresa González Costa.

BLOGS. Finalistas na categoría de blogs literarios son Francisco Castro, Marcos Valcárcel, Algueirada, Manuel Bragado, Jaureguizar e Alfredo Ferreiro.

Ademais, a AELG recoñece unha traxectoria xornalística. A este premio optan, entre outros, Manuel Rivas e Ana Romaní.